



ATLETAS GALEGOS DE ALTO NIVEL

PROGRAMA DE BECAS DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO 2010

Sistema de becas aprobado pola Xunta Directiva da FGA na xuntanza ordinaria do día 16 de outubro de 2009, para aplicar na tempada 2009/2010.



SISTEMA DE BECAS AOS ATLETAS GALEGOS

NORMAS XERAIS PARA A CONCESIÓN DE BECAS

- 1) Para poder obter ou manter a beca é condición indispensable, estar en posesión da licenza federativa da Federación Galega de Atletismo. A Xunta Directiva determinará o período mínimo de vinculación federativa e de empadramento na Comunidade de Galicia, que terá que cumprir o/a interesado/a.
- 2) As Becas da Fundación Deporte Galego para Deportistas Galegos de Alto Nivel son incompatibles coas becas da FGA, indicadas na presente circular, pero si son complementarias. Por elo, en ningún caso se poderá cobrar á vez os dous tipos de beca, senon que se cobrará a cantidade de maior cuantía (FGA ou Fundación Deporte Galego). Por exemplo, no caso de que un atleta galego, cumprindo as bases desta convocatoria, non percibira ningunha axuda da Fundación Deporte Galego, a FGA asegurará o 100% da cuantía indicada nesta circular. No suposto de que a Fundación Deporte Galego aporte o 50% a FGA complementará o resto ata o 100%, e así sucesivamente. (Mesmo procedemento seguido entre o ADO e a RFEA).
- 3) As Becas da Federación Galega de Atletismo serán compatibles coas becas da Real Federación Española de Atletismo e coas do ADO.
- 4) As marcas deberán ser obtidas en condicións regulamentarias (anemómetro, peso artefactos, etc..) e en probas oficiais controladas polo Comité de Xuíces, debendo figurar devanditas probas nos Calendarios Internacionais, Nacionais ou Galego, entendéndose en calquera caso, que as mencionadas probas, teñen que estar programadas cun mínimo de 30 días á celebración das mesmas.
- 5) As marcas esixidas terán que facerse nas competicións relacionadas no Anexo III. Así mesmo a Xunta Directiva da FGA resérvase o dereito de designar algunha outra competición válida a estes efectos.
- 6) Para ser considerada unha marca válida a efectos de beca dos niveis olímpica especial, "a" ou "b" será imprescindible a realización do control antidopaxe, dentro das 24 horas seguintes a súa consecución. Se na competición existe control, deberá presentarse ao mesmo e solicitalo en caso contrario o/a atleta deberase pór en contacto coa RFEA para efectualo.
- 7) Todo atleta con dereito a percibir a beca, deberá devolver debidamente asinada á FGA a normativa correspondente e as esixencias que conleva a súa aceptación (Anexo V).
- 8) Para todos os efectos, a Pista Cuberta, nas condicións sinaladas, é válida para a obtención de beca.
- 9) A Xunta Directiva da FGA resérvase o dereito de conceder becas a atletas en función do rendemento que obteñan nas Seleccións Galegas ou que debido a súas circunstancias persoais e técnicas considérese oportuno.



Non se percibirá a beca, a pesar de ter acadado os méritos, nos seguintes casos:

- Por non participar coa Selección Galega cando sexa requerido, independentemente de que a convocatoria da selección sexa anterior ao momento no que o atleta acada o requisito deportivo para a consecución da beca.
- Por non participar nos Campionatos Galegos, sen dispensa federativa
- Por motivo de dopaxe.
- Por abandonar a práctica activa do atletismo de competición.
- Por non cumprir coas condicións asinadas polo atleta coa FGA (Anexo V)

10) As Becas non son acumulables e as de maior contía anulan todos os dereitos adquiridos anteriormente, mentres dure a mesma.

NORMAS ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE BECAS

Artº 1º) - Durante o ano 2010 esta F.G.A. poderá conceder becas ós atletas galegos en función aos seguintes conceptos:

- A. **Becas**, en xeral, destinadas para axudas dos gastos de residencias, fisioterapia, masaxes, concentracións, material deportivo... etc.
- B. **Premios** por récords absolutos batidos e actuacións coa Selección Galega no Torneo de Federacións Autonómicas.

Artº 2º) – En calquera caso, a concesión e asignación definitiva das becas é competencia exclusiva da Xunta Directiva da FGA, que resolverá as propostas que lle eleve para tal finalidade o seu Comité de Becas e Comité Técnico, valorando as condicións e circunstancias persoais e técnicas que considere oportunas, en relación cos fondos de que se dispoña, dentro do orzamento anual da FGA para atender a estes gastos.

Artº 3º) – BECAS

As cuantías mínimas, según o tipo de beca e aseguradas pola FGA, son as seguintes:

TIPO DE BECA	LÍMITES DE IDADE	CUANTÍAS ANUAIS
1) Beca Olímpica Especial	Calquera idade	12.000 € anuais
2) Beca Olímpica "A"	Calquera idade	10.000 € anuais
3) Beca Olímpica "B"	Calquera idade	8.000 € anuais
4) Beca Internacional	Calquera idade	6.000 € anuais
5) Beca Nacional	Calquera idade	4.000 € anuais
6) Beca Galega	Calquera idade	2.000 € anuais
7) Beca Promoción A	Nados/as en 1988 e pos.	1.000 € anuais
8) Beca Promoción B (Promesa/Júnior)	Promesa e Júnior	600 € anuais
10) Beca Promoción C (Diana/Sub-18)	Nados/as en 1993 e pos.	400 € anuais



Estas becas serán compatibles cas ofertadas pola Real Federación Española de Atletismo, ADO ou Deputacións Provinciais.

A Xunta Directiva da FGA reservase o dereito de considerar outros méritos deportivos que non estiveran contemplados no presente regulamento deportivo.

3.1) - Beca Olímpica Especial

Para optar á Beca Olímpica Especial será condición indispensable acadar durante a tempada 2008/2009 ou 2009/2010 un dos seguintes requisitos:

- Obter a marca Olímpica Especial (Anexo I), nas condicións que se especifican.
- Clasificarse no Cto. do MUNDO de Campo a través senior entre os 8 primeiros.
- Clasificarse no Cto. do MUNDO de medio maratón, 1º, 2º ou 3º
- Clasificarse no Cto. do MUNDO 1º, 2º ou 3º.
- Clasificarse na Copa de EUROPA de Marcha, 1º (categoría senior)
- Clasificarse no Cto. de EUROPA de Pista Cuberta 1º.

Así mesmo para poder obter a Beca Olímpica Especial debera ter competido e finalizar a proba, ca selección galega no Torneo de Federación do ano 2009 ou 2010, na especialidade pola que obtivo a beca (proba da beca ou afín), aínda que se terá en conta a imposibilidade de ser seleccionado por limitación no número de participantes.

3.2) - Beca Olímpica "A"

Para optar á Beca Olímpica "A" será condición indispensable acadar durante a tempada 2008/2009 ou 2009/2010 un dos seguintes requisitos:

- Obter a marca Olímpica "A" (Anexo I), nas condicións que se especifican.
- Clasificarse no Cto. do MUNDO de Campo a través senior do 9º ao 16º.
- Clasificarse no Cto. do MUNDO Júnior de Campo a través 1º.
- Clasificarse no Cto. do MUNDO medio maratón do 4º ao 8º.
- Clasificarse no Cto. de EUROPA de Pista Cuberta 2º ou 3º.
- Clasificarse no Cto. do MUNDO 4º, ao 8º.
- Clasificarse na Copa de EUROPA de Marcha de 2º ou 3º (categoría senior)
- Clasificarse no Cto. de EUROPA de Campo a través, 1º, 2º ou 3º (categoría senior)
- Clasificarse 1º no Cto. Europa por equipos e puntuando polo equipo español.
- Clasificarse no Cto do MUNDO Júnior 1º.

Así mesmo para poder obter a bolsa olímpica A debera ter competido e finalizar a proba, ca selección galega no Torneo de Federación do ano 2009 ou 2010, na especialidade pola que obtivo a beca (proba da beca ou afín), aínda que se terá en conta a imposibilidade de ser seleccionado por limitación no número de participantes.



3.3) - Beca Olímpica "B"

Para optar á Beca Olímpica "B" será condición indispensable acadar durante a tempada 2008/2009 ou 2009/2010 un dos seguintes requisitos:

- Obter a marca Olímpica "B" (Anexo I), nas condicións que se especifican.
- Clasificarse no Cto. do MUNDO de Campo a través Senior entre os postos 17º ao 24º.
- Clasificarse no Cto. do MUNDO Júnior de campo a través 2º ou 3º.
- Clasificarse no Cto. do MUNDO de medio maratón, do 9º ao 12º.
- Clasificarse no Cto. de EUROPA Júnior 1º
- Clasificarse no Cto. de EUROPA Sub23, 1º.
- Clasificarse no Cto. de EUROPA de Pista Cuberta, 4º.
- Clasificarse 2º ó 3º no Campionato Europa por equipos.
- Clasificarse no Cto. de EUROPA de Campo a través Senior 4º ao 6º
- Clasificarse no Cto. de EUROPA de Campo a través sub23 entre os postos 1º a 3º.
- Clasificarse no Cto. do MUNDO, 9º ao 12º.
- Clasificarse na Copa de EUROPA de Marcha do 4º ao 8º. (categoría senior)
- Clasificarse na COPA EUROPEA de 10.000 m. 1º
- Clasificarse no Cto. do Mundo de 100km 1º
- Clasificarse no Cto. do MUNDO Júnior 2º ou 3º
- Bater o Record de España Absoluto en probas OLIMPICAS individuais, sempre que se fagan nos prazos previstos e nas probas relacionadas no anexo III.

Así mesmo para poder obter a bolsa olímpica B debera ter competido e finalizar a proba, ca selección galega no Torneo de Federación do ano 2009 ou 2010, na especialidade pola que obtivo a beca (proba da beca ou afín), aínda que se terá en conta a imposibilidade de ser seleccionado por limitación no numero de participantes.

3.4) - Beca Internacional

Para optar á Beca Internacional será condición indispensable acadar durante a tempada 2008/2009 ou 2009/2010 un dos seguintes requisitos:

- Obter a marca Internacional (Anexo I), nas condicións que se especifican.
- Clasificarse no Cto. do MUNDO de Campo a través senior entre os postos 25º ao 30º.
- Clasificarse no Cto. de EUROPA Júnior 2º ó 3º
- Clasificarse no Cto. de EUROPA SUB23, 2º ó 3º.
- Clasificarse no Cto. do MUNDO Júnior de campo a través do 4º ao 6º.
- Clasificarse no Cto. do MUNDO de Medio maratón do 13º ao 16º.
- Clasificarse no Cto. de EUROPA de Campo a través senior entre os postos 7º ao 10º.
- Clasificarse no Cto. de EUROPA sub23 de Campo a través entre os postos 4º ao 6º
- Clasificarse no Cto. de EUROPA Júnior de Campo a través entre os postos 1º ao 3º
- Clasificarse no Cto. do MUNDO, do 13º ao 16º



- Clasificarse no Campionato de Europa por equipos, 4º ó 5º.
- Clasificarse no Cto. de EUROPA de Pista Cuberta 5º ó 6º.
- Clasificarse na Copa Europea de 10.000m, 2º ó 3º.
- Clasificarse na Copa de EUROPA de Marcha do 9º ao 12º. (categoría senior)
- Clasificarse no Cto. do Mundo de 100km, 2º ó 3º.
- Clasificarse no Cto. de Europa de 100km. 1º
- Clasificarse no Cto. do MUNDO Júnior 4º ó 6º

Así mesmo para poder obter a Beca Internacional debera ter competido e finalizar a proba, ca selección galega no Torneo de Federación do ano 2009 ou 2010, na especialidade pola que obtivo a beca (proba da beca ou afín), aínda que se terá en conta a imposibilidade de ser seleccionado por limitación no número de participantes.

3.5) - Beca Nacional

Para optar á Beca Nacional será condición indispensable acadar durante a tempada 2008/2009 ou 2009/2010 un dos seguintes requisitos:

- Obter a marca Nacional (Anexo I).
- Ser Campión de España Absoluto en probas olímpicas.
- Clasificarse no Cto de España de Campo a Través 1º ó 3º
- Clasificarse no Cto. de EUROPA de Pista Cuberta entre os postos 7º ao 9º
- Clasificarse no Cto. do MUNDO Júnior de campo a través entre os postos 7º ao 10º.
- Clasificarse no Cto. de EUROPA de Campo a través Senior entre os postos 11º ao 16º.
- Clasificarse no Cto. de EUROPA de Campo a través sub23 entre os postos 7º ao 10º
- Clasificarse no Cto. de EUROPA de Campo a través Júnior entre os postos 4º ao 6º.
- Clasificarse no Cto. de EUROPA Sub23, entre os postos 4º ao 8º.
- Clasificarse nos relevos 4x100 ou 4x400, 1º no Cto. Europa Júnior.
- Clasificarse nos relevos 4x100 ó 4x400 entre os postos, 1º ao 3º no Ct. Europa Sub23.
- Clasificarse no Cto. do MUNDO Júnior 7º ou 8º
- Clasificarse no Cto. de EUROPA Júnior, 4º.
- Clasificarse no Cto. do MUNDO Xuvenil, 1º.
- Clasificarse no Cto de Europa de 100km, 2º ou 3º.
- Ser seleccionado para participar co equipo nacional e finalizar a proba na que foi seleccionado, nalgunha das seguintes competicións:
 1. Cto. do MUNDO de Campo a través senior (sempre que se puntúe para o equipo).
 2. Cto. do MUNDO ao aire libre
 3. Campionato de Europa por equipos.
- Bater o Record de Galicia Absoluto en probas OLÍMPICAS individuais, sempre que se fagan nos prazos previstos e nas probas relacionadas no anexo III.



Así mesmo para poder obter a Beca Nacional debera ter competido e finalizar a proba, ca selección galega no Torneo de Federación do ano 2009, na especialidade pola que obtivo a beca (proba da beca ou afín), aínda que se terá en conta a imposibilidade de ser seleccionado por limitación no número de participantes.

3.6) - Beca Galega

Para optar á Beca Galega será condición indispensable acadar durante a tempada 2008/2009 ou 2009/2010 un dos seguintes requisitos:

- Obter marca Galega (Anexo I).
- Clasificarse no Cto. de España Absoluto Individual 2º ou 3º en probas olímpicas
- Clasificarse nos relevos 4x100 ó 4x400, 2º ou 3º no Cto. de Europa Júnior.
- Clasificarse nos relevos 4x100 ó 4x400, 4º ao 8º no Cto. de Europa Sub23 (sempre que non sexan finais directas)
- Clasificarse no Cto. do Mundo Xuvenil, entre os postos 2º ou 3º.
- Clasificarse no Cto. de Europa Júnior entre os postos 5º ao 8º.
- Clasificarse no Cto. Mundo Júnior campo a través entre os postos 11º ao 14º.
- Clasificarse no Cto. de Europa Júnior campo a través, 7º ao 10º

Así mesmo para poder obter a Beca Galega debera ter competido e finalizar a proba, ca selección galega no Torneo de Federación do ano 2009 ou 2010, na especialidade pola que obtivo a beca (proba da beca ou afín), aínda que se terá en conta a imposibilidade de ser seleccionado por limitación no número de participantes.

3.7) - Beca Promoción A

Para optar á Beca Promoción A será condición indispensable acadar durante a tempada 2008/2009 ou 2009/2010 un dos seguintes requisitos:

- Clasificarse no Cto. do Mundo Júnior de Campo a través entre os postos 15º ao 20º.
- Clasificarse no Cto. de Europa Júnior entre os postos 9º ao 12º.
- Clasificarse no Cto. do Mundo Xuvenil entre os postos 4º ao 6º.
- Clasificarse nos relevos 4x100 ó 4x400, 4º ou 8º no Cto. de Europa Júnior.
- Clasificarse no Cto. de España Promesa 1º.
- Clasificarse no Cto. de España Junior 1º.
- Clasificarse no Cto. de España Xuvenil 1º.

Así mesmo para poder obter a Beca Promoción A debera ter competido e finalizar a proba, ca selección galega no Torneo de Federación do ano 2009 ou 2010, na especialidade pola que obtivo a beca (proba da beca ou afín), aínda que se terá en conta a imposibilidade de ser seleccionado por limitación no número de participantes.



3.9) - Beca Promoción B (Promesa/Júnior)

As Becas Promoción B (Promesa e Júnior) serán concedidas pola Xunta Directiva a proposta do Comité Técnico da FGA, aos atletas das categorías Promesa ou Júnior, medallistas (2º ou 3º) nos Campionatos de España Individuais.

Así mesmo para poder obter a Beca Promoción B debera ter competido e finalizar a proba, ca selección galega no Torneo de Federación do ano 2009 ou 2010, na especialidade pola que obtivo a beca (proba da beca ou afín), aínda que se terá en conta a imposibilidade de ser seleccionado por limitación no numero de participantes.

3.10) - Bolsa Promoción C (Diana/Sub-18)

As Becas Promoción (Diana para as mulleres e Sub-18 para os homes), serán concedidas pola Xunta Directiva a proposta do Comité Técnico da FGA, aos atletas nados en 1993 ou posteriormente.

Artº 4º) APARTADO DE PREMIOS

4.1. Por participar ca Selección Galega Absoluta de Pista

Co obxecto de motivar e incentivar a participación dos atletas na Selección Galega de Pista, no Torneo de Federaci3ns, a FGA destinará unha cantidade anual a repartir, según a puntuaci3n alcanzada, entre os compoñentes da selecci3n. Estes premios son compatibles co resto das becas.

4.2. Premios por mellorar o record galego absoluto en probas olímpicas

Cada vez que un atleta logre bater un Récord Galego Absoluto ao Aire Libre en probas olímpicas individuais durante a tempada 2009/2010 se lle concederá unha cantidade de **300 €**¹. No caso dos relevos esta cantidade multiplicarase por 2 e dividirase entre 4. Estes récords deberán realizarse, conforme ás esixencias indicadas nos apartados 4 e 5 das normas xerais para a concesión das becas.

¹ En caso de que se batira varias veces o récord galego no mesmo concurso, considerarase un só record. Limitarse un **máximo** de dous pagamentos ao ano por atleta e proba.



ANEXO I

	OLÍMPICA ESPECIAL	OLÍMPICA "A"	OLÍMPICA "B"	INTERNAC.	NACIONAL	GALEGA
60 m. PC	6.51	6.55	6.59	6.65	6.70	6.75
100 m.	10.02	10.10	10.17	10.27	10.45	10.55
200 m.	20.20	20.36	20.47	20.66	21.15	21.45
400 m.	44.69	45.01	45.27	45.78	46.75	47.40
800 m.	1.43.96	1.44.54	1.45.10	1.46.31	1.47.50	1.48.50
1.500 m.	3.32.05	3.33.61	3.34.89	3.38.78	3.40.00	3.43.00
3.000 m.	7.36.28	7.40.59	7.44.96	7.51.00	7.55.00	7.59.00
5.000 m.	12.59.35	13.09.79	13.14.00	13.31.87	13.40.00	13.53.00
10.000 m.	27.11.67	27.39.51	27.55.70	28.31.40	28.45.00	29.15.00
60 v. PC	7.49	7.53	7.63	7.72	7.85	7.95
110 m.v.	13.27	13.41	13.50	13.67	13.95	14.20
400 v.	48.41	48.89	49.28	50.14	50.80	51.50
3.000 m. Ob.	8.11.37	8.16.08	8.20.69	8.30.28	8.35.00	8.45.00
Altura	2.33	2.30	2.28	2.24	2.20	2.15
Lonxitude	8.31	8.21	8.15	7.99	7.80	7.65
Triple	17.41	17.23	17.00	16.61	16.35	16.00
Pértega	5.82	5.75	5.65	5.50	5.40	5.30
Peso	21.02	20.64	20.35	19.57	18.00	17.25
Disco	67.47	65.41	64.43	61.83	57.50	54.00
Martelo	80.63	78.83	77.78	73.06	69.00	65.00
Xavalina	85.65	83.24	81.25	77.85	74.00	70.00
Decatlón	8.336	8.123	7.970	7.630	7.500	7.100
Heptahlon PC	6.160	6.077	5.847	5.730	5.650	5.500
½ Marathon	1h.00.27	1h.01.14	1h.02.20	1h.03.12	1h.04.00	1h.06.00
Marathon	2h.07.27	2h.08.59	2h.10.38	2h.13.00	2h.14.00	2h.18.00
20 km. Mar.	1h.19.36	1h.20.34	1h.21.08	1h.23.30	1h.25.00	1h.27.00
50 km. Mar.	3h.43.48	3h.49.36	3h.53.17	4h.00.00	4h.04.00	4h.07.00
Rel.4x100 (1)	38.50	38.73	38.87	39.00	39.20	39.40
Rel. 4x400 (1)	3.01.10	3.02.66	3.03.28	3.03.75	3.04.25	3.05.25

(1) Só ca selección española ou galega.



ANEXO II

	OLÍMPICA ESPECIAL	OLÍMPICA "A"	OLÍMPICA "B"	INTERNAC.	NACIONAL	GALEGA
60 m. PC.	7.09	7.13	7.20	7.29	7.40	7.50
100 m.	11.06	11.18	11.26	11.39	11.65	11.85
200 m.	22.51	22.74	22.91	23.24	23.90	24.20
400 m.	50.10	50.92	51.34	52.07	53.75	54.60
800 m.	1.58.09	1.59.26	1.59.90	2.01.74	2.04.00	2.05.50
1.500 m.	4.00.90	4.04.33	4.06.00	4.10.19	4.15.00	4.19.00
3.000 m.	8.38.41	8.47.07	8.53.05	9.02.00	9.10.00	9.20.00
5.000 m.	14.44.86	14.59.88	15.11.09	15.30.00	15.45.00	16.05.00
10.000 m.	30.53.51	31.23.33	31.46.10	32.40.00	33.15.00	34.00.00
60 v. PC	7.87	7.90	7.98	8.15	8.25	8.45
100 v.	12.62	12.80	12.93	13.24	13.65	14.00
400 v.	54.23	55.03	55.68	56.83	58.55	59.60
3000 Obstác.	9.20.00	9.30.00	9.40.00	9.50.00	10.00.00	10.15.00
Altura	1.98	1.95	1.93	1.89	1.85	1.80
Lonxitude	6.86	6.77	6.69	6.55	6.35	6.15
Triple	14.70	14.37	14.18	13.86	13.35	13.05
Pértega	4.64	4.53	4.41	4.23	4.15	3.95
Peso	19.22	18.81	18.31	17.00	16.00	15.00
Disco	64.81	62.96	61.80	56.58	53.50	50.00
Martelo	69.53	67.79	66.57	63.50	58.50	55.00
Xavalina	66.87	62.49	60.95	57.50	54.00	51.00
Heptathlon	6.310	6.157	6.031	5.790	5.500	5.250
Pentatlón PC	4.606	4.524	4.300	4.100	3.950	3.750
½ Maratón	1h.09.03	1h.10.12	1h.11.00	1h.12.00	1h.13.30	1h.15.00
Maratón	2h.23.36	2h.25.46	2h.26.56	2h.32.27	2h.36.30	2h.45.00
10 km. Marc.	42.27	43.05	44.00	45.30	46.10	47.25
20 km. Marc.	1h.27.30	1h.29.00	1h.30.30	1h.32.30	1h.35.00	1h.37.00
Rel.4x100 (1)	42.87	43.44	43.59	43.75	44.30	44.50
Rel. 4x400 (1)	3.25.74	3.27.92	3.28.93	3.30.00	3.32.60	3.34.30

(1) Só ca selección española ou galega.



ANEXO III

PROBAS EN PISTA

Só serán válidas as marcas conseguidas nos períodos que se relacionan: Pista Cuberta.: Dende o 1 de Xaneiro ao 15 de Marzo. Pista Aire Libre.: Desde o 15 de Maio ao 19 de Setembro para os Senior e Promesas Coa excepción da Copa Europea de Lanzamentos (14/15 de Marzo). As competicións que se relacionan, son as únicas válidas en principio para efectuar a marca esixida para beca, a condición de que se obteñan durante os períodos anteriormente sinalados.

- Campionatos Galegos e de España Individuais.
- Campionatos de España de Seleccións Autonómicas.
- Campionato de España de Clubs (División de honra e Fase Final da 1ª División), así como as "Copa de Clubs Pista Cuberta e Aire Libre"
- Copas de Europa de Clubs (Absolutas).
- Campionato de Europa ou Mundial de Pista Cuberta
- Campionatos ó Copas do Mundo I.A.A.F.
- Campionatos ou Copas de Europa A.E.A.
- As reunións de atletismo incluídas no Calendario IAAF e/ou AEA
- Encontros Internacionais.
- No resto das reunións incluídas no calendario nacional, será necesario efectuar a marca 2 veces, abonándose a beca da categoría a que corresponda a marca de menor nivel das dúas.

MARATÓN E MEDIO MARATÓN

Para conseguir Beca na proba de Maratón é necesario obter a marca solicitada, nun dos seguintes casos:

- Maratóns a celebrar en España, incluídos no Calendario RFEA e que cumpran o Regulamento de competicións en Ruta.
- Maratón sa celebrar no extranxeiro: Maratón da Copa do Mundo eos indicados pola RFEA na súa anormativa de becas.
- Medio maratóns. Medio Maratón da Copa do Mundo e as marcas acadadas nos Campionatos Galego, de España o de Mundo.

MARCHA

Solo serán válidas, a efectos de consecución de becas, as marcas acadadas en:

- Copas de Europa ou do Mundo
- Campionato do Mundo
- Campionatos de España
- Campionatos Galegos
- Probas incluídas na Challenge de Marcha da IAAF ó AEA
- Trofeo de Marcha de Santa Eulalia



ANEXO IV

RECORDS GALEGOS QUE SERÁN CONSIDERADOS PARA A OBTENCIÓN DE PREMIOS (Apartado 4.2.)

	Homes	Mulleres
100 metros	10.55	11.98
200 metros	21.12	24.85
400 metros	46.24	54.14
800 metros	1.45.15	2.01.60
1500 metros	3.31.48	4.08.56
5000 metros	13.19.71	14.44.95
10.000 metros	27.39.38	31.14.51
100/110 m.valados	14.09	13.77
400 metros valados	50.42	59.72
3.000 m. Obstáculos	8.22.06	10.18.69
Lonxitude	7.76	5.99
Triple Salto	16.05	13.22
Altura	2.20	1.79
Pértega	5.30	4.01
Peso	16.45	15.61
Disco	58.10	60.56
Xavalina	78.88	59.43
Martelo	68.58	67.14
Decathlón/Heptathlón	7940	5001
20 Km. Marcha	1.22.53	47.13
50 Km. Marcha	3.45.55	1.35.16
Maratón	2.07.54	2.26.59
4x100 metros	41.46	48.66
4x400 metros	3.14.06	3.50.74

(Plusmarcas galegas absoluta en probas olímpicas, a 1 de novembro de 2009)



ANEXO V

MODELO PARA CUMPRIMENTAR POR PARTE DO/A ATLETA

O/A atleta:	_____	N.I.F.:	_____		
Enderezo:	_____	D.P.	_____		
Concello:	_____	Teléfono 1:	_____	Teléfono 2:	_____
Correo electrónico:	_____				
Nº Licenza:	_____	Club (2009/10):	_____		
Data nacemento:	_____	Categoría:	_____		
Adestrador/a:	_____	Residente en:	_____		

COMPROMÉTESE A:

1. Acreditar antes da percepción da beca, que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
2. Participar coa Selección Galega cando sexa requerido/a e nos Campionatos Galegos, salvo despena expresa da Xunta Directiva da FGA, xustificada pola posible interferencia da preparación ante campionatos Europeos, Mundiais ou Xogos Olímpicos.
3. Non participar en competicións disputadas na xeografía galega que non se atopen incluídas no calendario oficial da Federación Galega de Atletismo.
Os compromisos 2 e 3 entran en vigor a partir da data de publicación desta circular. Calquera atleta galego que os incumpra non terá dereito a beca, independentemente que acade con posterioridade os requisitos esixidos.
4. Intervenir nos actos dirixidas á difusión e promoción do atletismo galego que poida organizar a Federación Galega de Atletismo.

MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación, nos supostos de:

- 1) Obtención da axuda falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impiden e
- 2) Incumprimento das obrigas como beneficiario/a establecidas nestas bases.

Lugar e Data

(sinatura do/a atleta)